



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

INFORMACIÓN EMBARGADA ATÉ AS 20.30 H

IAGO TABARÉS ASEGURA QUE NON ESTÁ NADA DECIDIDO E APELA A TRABALLAR CON "ESPERANZA" E "RESPONSABILIDADE" PARA QUE O BNG SEXA DETERMINANTE EN MADRID

Rivadavia, 20 Febreiro 07.- O candidato do BNG pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, fixo hoxe un chamamento para traballar con "ilusión", "esperanza" e "responsabilidade" ante a recta final que mañá comeza cara ao 9 de Marzo, consciente de que é un proceso complexo pola "vontade de polarizalo entre PP e PSOE, mesmo a través das enquisas" e de "plantexalo como unhas eleccións presidenciais, cando non o son".

Tabarés, nun acto público en Rivadavia, recoñeceu que non é doado, "como tampouco o é ser nacionalistas nestes tempos", mais asegurou que é posíbel e moi necesario, pois a próxima lexislatura vai ser trascendente para a configuración do Estado e, por tanto, "o BNG ten, non só que estar presente senón contar coa suficiente capacidade de incidencia".

O candidato nacionalista lembrou que os próximos catro anos van ser decisivos para converter o Senado nunha Cámara útil, para acadar un Estatuto de Nación para Galiza, nacido no Parlamento galego e aprobado nas Cortes, e para completar o proceso de transferencias, iniciado grazas á iniciativa e ao traballo do BNG.

Para Tabarés, é unha evidencia que só o BNG está a pór enriba da mesa os intereses e necesidades de Ourense e de Galiza e puxo como exemplo a defensa dos sectores productivos, nomeadamente do viño, apostando por preservar a calidade e o dereito de produción fronte ás medidas asumidas pola ministra e candidata socialista, Elena Espinosa, que favorecen a outras Comunidades como a Mancha ou a Rioja.

Neste sentido, reiterou a súa pregunta de "cantos euros van vir para Galiza deses 430 millóns negociados na reforma da OCM e dos que Elena Espinosa se sente tan orgullosa".

Máis unha vez, o cabeza de lista por Ourense apelou á xustiza social pola que traballa o BNG, que implica unha firme aposta polos servizos sociais, de aí que o programa inclúa a demanda de que un 10 por cento da inversión do Estado na materia veña para Galiza e que se rexeiten as "solucións que está a propor o PP a toda canta problemática social hai, que pasan polo Código Penal e que se resumen nun Todos a la Cárcel", ironizou.

Sobre o carácter presidencial que se lle quiere dar a estes comicios, Iago Tabarés explicou que mentres a PP e PSOE, efectivamente, o día 10 só lle vai preocupar quen vai ocupar a Moncloa "ao BNG lle van importar tamén os días 11, 12 etc, para conseguir a chegada do AVE, mellorar as infraestructuras, etc".

"E por iso e porque non hai nada decidido hai que traballar por Galiza e por Ourense, para que o BNG sexa decisivo e determinante en Madrid", concluiu.